

Sobre algunhas converxencias fonolóxicas entre o galego e as falas ligures. Sons líquidos e nasais

Fabio Angelli
Escola Oficial de Idiomas (Vigo)

RESUMO. Da comparación entre o sistema fonolóxico do galego e máis o das falas ligures emerxen sorprendentes converxencias que poden constituír unha posible abertura dos estudos de lingüística galega a novas perspectivas de comparación no ámbito das linguas romances. Este estudo, limitado por razóns de espazo, quere ser unha primeira introdución a este enfoque máis unha análise dunha restrinxida parcela do espectro fonolóxico dos dous sistemas en confrontación, acoutando o punto de observación aos sons líquidos e nasais.

Palabras clave: Galego, Ligur, Vibrantes, Nasais.

ABSTRACT. Comparing the Galician phonological system with that of the Ligurian languages, we find coincidences which can be an useful tool for a future opening of Galician linguistic studies to new possibilities of comparison within the scope of Romance languages. The present study, though restricted in length, intends to be a first approach to the topic, as well as an analysis of a restricted area in the phonological system of the two languages, focusing on the liquid and nasal sounds.

Keywords: Galician, Ligurian, Liquid, Nasal.

0. Introducción

Este traballo nace como ampliación da miña tese de fin de carreira¹ intitulada *Convergenze fonologiche fra il galiziano e le parlate liguri* na que, analizando o enteiro espectro

Data de aceptación: xaneiro de 2006.

1 Defendida o 11 de Marzo de 2004 na *Facoltà di Lettere e Filosofia* da *Università degli Studi di Genova*, baixo a titoría dos profesores Moreno Morani e Umberto Rapallo.

fonolóxico do galego e das falas ligures (e máis dos dous idiomas “contenedores”, ou sexa, o castelán e o italiano) nunha perspectiva diacrónica a partir das formas latinas, recoñécianse algúns interesantes puntos de contacto entre o citado dialecto italiano e o idioma de Galicia.

Facéndose cada vez máis específico o meu interese polo material fonolóxico galego e necesariamente máis sólidos os coñecementos enriquecidos de sempre nova materia bibliográfica, vexo a utilidade dunha profundización sobre algúns dos aspectos de aquel estudo.

0.1. O Ligur

Cómpre clarificar un punto ao meu parecer fundamental para entender as dimensións dos fenómenos ilustrados e, pola parte ligur, situar xeograficamente os mesmos con adecuada precisión. A connotación dialectal das falas ligures² é causa da falta dun canon unificador, e, de alí, da polimorfía lingüística á que se asiste por todo o arco da rexión. Se por unha parte é indubidablemente unha riqueza de formas de igual dignidade e, por suposto, idéntica eficacia comunicativa, pola outra banda é signo de preocupante dispersión. Explícome: a unidade fonolóxica do castelán non está en perigo pola existencia de, por así definilos, axustes de tipo seseante ou pola erosión, por exemplo, das terminacións en /s/ no Sur da Península, así como a tendencia dos galegos a suprimir os tempos verbais compostos casteláns non constitúe unha ameaza de morte de parte do sistema lingüístico estatal: a centralidade do idioma castelán (pola autoridade, por exemplo, da Real Academia) garante a unidade lingüística, viva nas súas diversidades diatópicas³. Algo similar pódese dicir do galego, na súa pescuda dun nivel estándar e dunha normativa oficial de aceptación maioritaria na que teñan recoñecemento e dignidade as moitas variedades vernáculas.

2 Segundo as tradicionais normas de identificación dos dialectos en oposición aos idiomas: número de falantes moi escaso (e con vector descendente), área xeográfica reducida, falta dunha normativa común (sobre todo na morfoloxía, na sintaxe, no léxico). Polo que se refire á existencia dunha literatura, podemos dicir que o ligur pode presumir dunha abundante e prestixiosa tradición literaria, dende a Idade Media ata hoxe, pero persoalmente prefiro non incluír a literatura no grupo dos indicadores, primeiro porque me parece un concepto clasista (a dignidade dunha lingua reside en todos os seus falantes, non só na clase culta, creadora e ao mesmo tempo destinataria da literatura), e segundo porque é pouco contundente: chegando ao paroxismo, o feito de non se atopar ningún fragmento literario nas táboas en *Linear B* do Pazo de Cnosos non nos autoriza a considerar coma un dialecto a lingua que se falaba en Creta. De todos os xeitos este traballo non se propón a defensa da dignidade do ligur como lingua, nin a súa clasificación como dialecto, indicación esta última que aquí terá só valor indicativo, sen ningún matiz de orde sociolingüística.

3 Véxase tamén a situación do italiano estándar que prevé na teoría o uso do tempo verbal *passato remoto* para accións puntuais no pasado (cun uso paralelo ao do perfecto grego) e do *passato prossimo* para accións pasadas que teñen consecuencias no presente (similar ao uso do aoristo grego); na práctica emprégase o primeiro para feitos dun pasado máis lonxe e o segundo para expresar a idea dun pasado máis preto do falante. Unha observación máis profunda lévanos despois a especializacións de matriz xeográfica: o uso do *passato remoto* é característico do italiano falado no Sur, mentres que no Norte e máis nunhas zonas do centro da Península non se emprega máis có *passato prossimo*. Estas especializacións —así creo eu— só son matices, e non feridas mortais ao sistema verbal do italiano.

O ligur non ten tanta sorte e pódese dicir que case non existe un nivel estándar: hai necesariamente que utilizar a expresión *falas ligures* con moitísimas diferenzas cruciais entre si. Nin a autoridade de Xénova como capital da rexión no tempo presente nin a súa antiga historia poden moito contra a difusión (imposición) do italiano-toscano que xa con Dante empezaba a tomar dignidade e autoridade de idioma nacional⁴.

Este aspecto socio-político-lingüístico tivo unha consecuencia fundamental na evolución dos dialectos ligures⁵: ao non ter o lastre dunha institución lingüística, xa que a clase dirixente da época substituíu axiña o latín polo italiano nas actas comerciais, o ligur, coa súa imponente literatura dende a época medieval, foise á deriva, así que, sen freos institucionais, as falas locais modificáronse con impresionante velocidade. A iso hai que engadir o costume da tradución, da adaptación fonolóxica aos cánones toscanos, na tradición dos manuscritos, que levou á perda de algúns caracteres antigo-ligures: é o que acontece pola obra do así definido *Anonimo Genovese* ou *Luchetto*, poeta das primeiras décadas do século XI, do que temos un folio dun manuscrito polo demais perdido (Partorino, 1958), e o código Molfino (da metade do século XIV): a colación permítenos individualizar no segundo a “corrección” dalgúns formas autóctonas do primeiro.

0.2. ¿Que ligur?

Xa o dixemos: se para o galego se pode falar dalgún xeito dunha unidade, dun nivel estándar (sen que esta definición estea libre de ineludibles limitacións), para as falas ligures isto non existe e moitas veces non chegan os intentos duns estudosos que moito fixeron e fan pola dignidade do noso dialecto. Coexisten, ao mellor a un barrio de distancia, formas distintas dunha mesma voz; nun plano macroscópico, pois, vemos por exemplo as formas *cin*, *cen*, *pin*, [‘ciŋ], [‘ceŋ], [‘piŋ], procedentes da forma latina *plēnum*, ‘cheo’; isto está lonxe de ser un caso aillado. E entón ¿que fala hai que escoller nun estudo científico e representativo das formas reais?

A evolución máis útil á nosa comparación é, ao meu modo de ver, a das zonas occidentais da rexión, onde se conserva, por exemplo, un rasgo, aínda que débil e case non vibrante,

4 Dante Alighieri, no seu *De vulgari eloquentia*, obra en latín con intentos —hoxe diríamos—“propagandísticos” coa fin de empuxar o uso escrito do neo-nacido vulgar entre a clase culta, analizou algúns dos sistemas fonolóxicos dos dialectos italianos da súa época para atopar os sons que mellor encaixaban coa idea de musicalidade que el quería para o vulgar, o italiano común. A favor das falas de Florencia e da súa rexión, a Toscana, onde —cómo non— xa había todos os sons máis elegantes, criticaba, por exemplo, a abundancia de fricativas alveodentais sonoras [z] no xenovés (en Toscana, como no Sur da Península, articúlanse [z] só en nexos con consoantes sonoras, mentres que noutros casos a articulación é sempre xorda [s]): *Si quis autem quod de Tuscis asserimus de Ianuensibus asserendum non putet, hoc solum in mente premat, quod si per oblivionem Ianuenses ammicterent z licteram, vel mutire totaliter eos vel novam reparare oportet loquelam. Est enim z maxima pars eorum locutionis, que quidam lictera non sine multa rigiditate profertur* (*De vulg. el.*, I, XIII, 6).

5 Por suposto, os mesmos factores xogaron un papel importante no destino de cada un dos dialectos de Italia, pero claro está que una digresión específica sobre a globalidade do problema, ademais de superar as nosas competencias, levaríanos demasiado lonxe dos nosos propósitos.

do [r] intervocálico latino caído sistematicamente nas formas centrais e orientais da rexión, e onde a evolución dos nexos consonánticos latinos é case idéntica á do galego. Así, por comodidade, chamaremos aquí co nome de *ligur* o conxunto das falas occidentais e máis as formas compartidas no que podemos definir (coas limitacións que antes dixemos) “ligur-común”, mentres que co nome de *xenovés* indicaremos as falas centrais (e orientais)⁶, onde por suposto é máis forte o influxo do italiano estándar⁷.

0.3. Procesos de normalización

A análise que aquí propoñemos ten, creo eu, a vantaxe de ampliar a perspectiva dos estudos comparativos do galego dun xeito seguramente inusual abrindo —isto esperamos— unha porta a unha posibilidade máis na lingüística comparativa co obxectivo de atopar unha correcta colocación dos feitos fonolóxicos propios do galego (e das falas ligures) dentro das linguas romances, nunha época na que a forza centrífuga de delirios globalizantes parece estar na base dun proceso social e político irreversible. Ao mesmo tempo ten un risco, o de perder as coordenadas, movéndose no ámbito do microscópico. Factores —polo xeral— sociais reduciron o ligur, antiga lingua de lendarias orixes que se perden nunha fase lingüística mediterránea pre-indoeuropea⁸, e histórico idioma do dominio do mar, ao nivel de dialecto olvidado, desterrado na súa patria.

Nunha comparación na que entran en xogo elementos de clara e coñecida tradición lingüístico-literaria como aquí o galego, o castelán e o italiano, creo útil reconstruír en poucas liñas as filas dos procesos históricos e políticos que acompañaron a evolución do ligur e a transformación do seu sistema fonolóxico, na pescuda, aínda viva e aberta, dunha norma ortográfica común.

Dende as orixes, a mestizaxe sempre foi o rasgo máis propio do territorio da actual Liguria. Sobre o pobo non indoeuropeo case lendario chegado do val do Ródano⁹ fóronse

6 Puntualmente serán tamén engadidas máis precisas indicacións cando sexa necesario e pertinente ao noso estudo.

7 Influxo que podemos pensar como antigo pola distribución xeográfica das rexións que ve a Liguria confinar a Este coa Toscana. É aquí útil lembrar tamén a existencia dunha área lingüística (non rexistrada baixo ningunha administración), a da Lunigiana, na liña de confin das dúas rexións, coas que comparte rasgos dialectais.

8 Cfr. Alessio (1947: 113-119), que reconece unha forma pre-indoeuropea *liga- ‘pantano, lagoa’ á base do etnónimo ligur; cfr. tamén Barberini (1974), Del Ponte (1999). Pola relación coa documentación lingüística do *leponcio* cfr. Devoto (1962: 384).

9 Informacións sobre as sedes proto-históricas dos Lígures en Lamboglia (1959), Barberini (1974), Del Ponte (1999), Gaspani (1999). Cfr. tamén Apolonio Rodio (*Argon*. IV, v. 645-650) que fala de lígures e celtas xuntos no val do Ródano; Hesíodo (fr. 199 Rzach = Hyg., fab. 154; Fontes: 7) conserva a tradición que ve a *Cicno*, lendario rei ligur, chorando a morte do amigo *Fetonte* xunto á ribeira do Eridano (moitas veces confundido co Ródano).

estratificando culturas distintas: celtas¹⁰, fenicios, etruscos¹¹, latinos, gregos, godos... ata a dominación bizantina no século VI d.C., á que debemos a gran cantidade de grecismos penetrados no dialecto. Dende a dominación dos francos a partir do século VIII empeza o proceso de desenvolvemento político e comercial que marcou toda a Idade Media. O nacemento, nos séculos XI e XII, da *Compagna*, unha asociación cidadá para a organización autárquica do territorio fronte a calquera inxeranza exterior, pon Xénova ao mando da rede dos comercios no Mediterráneo occidental. A forza política tivo que ter tamén un reflexo na unidade social e na utilización dunha forma de ligur como medio de comunicación privilexiado, por exemplo, coas novas colonias en Córsega e Cerdeña. Nesta época sitúase a experiencia literaria en vulgar de *Luchetto*, ao que xa fixemos referencia anteriormente, aínda que sexa un caso aillado: a lingua das actas comerciais é, por suposto, o latín. Ao século XII pertencen os primeiros escritos híbridos nos que ao latín acompañan formas, sobre todo fonolóxicas, do ligur, como a utilización do grafema <x> para representar a fricativa palatal sonora /ʃ/, <c> e <ç> para a africada palatal xorda [ç]¹²: o primeiro paso cara a normalización.

No século seguinte ábrese escolas privadas laicas de ensino en vulgar en oposición ao conservadorismo do latín das escolas relixiosas. Será isto o principio da utilización artística do vulgar ligur: no convento xenovés de *San Domenico* existía un servizo embrional de préstamo bibliotecario de textos de Aristóteles e de ciencia en tradución vulgar. É isto o período do acme da influencia político-territorial de Xénova, un período no que se xeneraron dúas tendencias opostas: dun lado aumentou o prestixio lingüístico do vulgar-ligur, co respaldo das institucións académicas, doutra banda o desenvolvemento económico levou ao principio dun movemento de inmigración de traballadores lombardos, que deixou un rastro recoñecible no léxico dos rexistros e dos inventarios da vida comercial do porto. Tamén ao nivel literario pódese recoñecer a tendencia á permeabilidade ás realidades lingüísticas máis consolidadas, como o provenzal, o catalán, o toscano, causa esa da adaptación ao toscano de rasgos lingüísticos propiamente ligures. A man do verdugo foi a política de dominación que Francia antes e España despois xogaron en Liguria: a máquina burocrática francófona ou castelán-falante

10 Connotación celta dos ligures xa en Estrabón (IV, 6, 3) e en (Pseudo-)Aristóteles (*De Mir. Ausc.*, 837 a 7), onde se atopa a definición de *celto-ligures*. Cfr. tamén Plutarco (*Mar.*, XIX, 4-5) pola confusión entre a etnia celta dos Ambrones e os Ligures. Hai que engadir as testemuñas arqueolóxicas. A primeira é a *Stele di Zignago*, monolito con función de sacralización dunha área ao parecer adicada ao pastoreo, na que se reconece a inscrición en caracteres etruscos, pero de estrutura lingüística céltica, MEZUNEMUSUS (que parece indicar a divindade que está ‘no medio da área sagrada’), e que agora se conserva no *Museo Archeologico di Genova Pegli*. A segunda é un croio atopado na antiga necrópole descuberta no corazón de Xénova no ano 1898 á abertura da rúa *XX Settembre*, inciso de dereita a esquerda en caracteres etruscos (metade do século V a.C.): o texto, MI NEMETIES, parece indicar a sepultura dun home cuxo nome *Nemetie* pode estar relacionado co *nemeton*, o bosque sagrado.

11 Lembramos que a fundación de Xénova tivo lugar arredor do século VI a.C. por man etrusca con función de escala comercial e emporio.

12 Cfr. Toso (1997²: 80-81).

deixou pouco espazo para a lingua autóctona, relegada unicamente ás casas, aos campos, aos peiraos, ás tabernas.

O 1528 foi o ano glorioso da fundación da república de Xénova pola iniciativa do procurador Erasmo Doria e a aprobación de Carlos V que aceptou “garantire la libertà di Genova «remessa a vivere in forma de repubblica e reintegrata de tutto il suo dominio et specialmente della Terra de Savona...» ed a consentire ai Genovesi il libero commercio negli stati suoi in assoluta parità con gli altri sudditi”¹³.

Ao colapso do soño napoleónico e coa restauración das antigos soberanos, un movemento antimonárquico intentou levantar sentimentos nacionalistas apelándose ao rexurdimento da cultura tradicional: unha toma de conciencia a través da sátira popular.

O principio do século XX representou un cambio de tono: non o ligur como reflexo dunha autonomía cultural e instrumento político, mais especificidade dialectal, unha máis no espectro do xove estado italiano na súa pluralidade. O derradeiro desafío ao prestixio do toscano foi a tradución que *Angelico Gazzo* fixo da *Divina Commedia* de Dante (1910). O que seguiu, e non só para o ligur, foi a sistemática redución dos espazos que antes eran das realidades lingüísticas rexionais a prol dun italiano ás veces imposto como ferramenta para garantir a unión nacional. Este empuxe homoxeneizador tivo continuador no fascismo, nunha forma parecida á do absolutismo franquista, aínda que, ao mellor, máis progresiva e silenciosa.

A todo iso hai que engadir conxunturas socio-económicas puntuais: cidades que no pasado século, e sobre todo no período seguinte á Segunda Guerra Mundial, tiveron un papel príncipe na economía do país foron obxecto da así definida inmigración interna, un movemento xeralmente con vector Sur-Norte de persoas que deixaron as súas rexións para pescudar traballo en outras influíndo na vida da fala da comunidade hóspede: podería ser unha das causas do debilitamento dos dialectos en realidades coma as de Xénova, Turín e en parte de Milán. Unha obxección por así dicilo vivente a este esquema é a realidade dialectal dunha cidade como Bérgamo, onde a inmigración por traballo é constante, mais non afecta a produtividade do dialecto. Iso produce un corolario importantísimo á tese precedente: a inmigración non é “causa” da evanescencia das falas rexionais se non é en ambientes lingüístico-dialectais xa débiles. O que chega a un novo ambiente lingüístico (iso vale para o estranxeiro de hoxe así como para o inmigrante de hai 50 anos, que só podía comunicar en dialecto) ríndese disponible á aprendizaxe do medio comunicativo que atopa, o que se utiliza na comunidade hóspede, sexa un dialecto ou unha lingua minoritaria respecto á nacional.

Hoxe poden recoñecerse algúns intentos de poñer luz na obscuridade da falta dunha normativa ortográfica do ligur: para as falas centrais merece unha mención especial a labor do profesor Toso¹⁴, voz enorme nos estudos para o rexurdimento da cultura e da lingüística

13 De Negri (1986: 665).

14 Entre outros: *colaboración ao Vocabolario delle parlate liguri* (Xénova, 1985-1992, 4 vols.); *Letteratura genovese e ligure. Profilo storico e antologia* (Xénova, 1989-1991, 6 vols.); *Gli ispanismi nei dialetti liguri* (Alessandria, 1993); *Le radici di Arenzano. Storia, cultura, tradizione orale* (Arenzano, 1993); *Aggiorna-*

xenovesa, na proposta dunha norma, aínda aberta e non libre de confusións, que moitas veces seguimos nese traballo, aínda que cuns axustes¹⁵.

Desafortunadamente parece impensable unha inversión de ruta cara a recuperación das dignidades lingüísticas rexionais no movemento centrífugo dunha imposta globalización. A resposta de Toso parece ser a convicción de que “il genovese può recuperare un suo spazio anche in una società pluriethnica e plurilingue come quella che si va predisponendo, anche perché difficilmente, nella Liguria di domani, potranno affermarsi condizioni di serena convivenza senza il rispetto e la reciproca conoscenza della diversità culturale di cui l’uso parlato e scritto del genovese è un esempio”¹⁶.

0.4. Fonoloxía do ligur

0.4.a. – O vocalismo

O sistema vocálico do ligur consta de 8 fonemas, representados por 7 signos¹⁷:

<a> /a/: vogal baixa central

<e> (ás veces <æ>) /ɛ/: vogal medio-baixa anterior

<ö> (ás veces <oe>) /ø/: vogal media anterior redondeada

<e> /e/: vogal medio-alta anterior

<i> /i/: vogal alta anterior

<ü> /y/: vogal alta anterior redondeada

<o> /ɔ/: vogal medio-baixa posterior

<u> /u/: vogal alta posterior.


mento 1979-1993 alla Bibliografia dialettale ligure (con W. Piastra; Xénova, 1994); *Storia linguistica della Liguria* (Recco, 1995), para o que se agarda o segundo volume; *Grammatica del genovese. Varietà urbana e di koinè* (Recco, 1997); *Per conoscere il genovese* (Xénova, 2000); edición crítica de obras da literatura ligur como *Ginn-a de Sampédænn-a* (Recco, 1992).

15 A ortografía proposta, por exemplo, na *Grammatica del genovese* (1997), aínda que sostida en parte pola autoridade da tradición antiga, é ás veces ambigua ou pouco práctica: por exemplo, suxire a grafía <ò> ou <ö> para /o/, <o> para /u/, <u> para /ü/. Para resolver esta ambigüidade engadín a transcripción no alfabeto fonético.

16 Toso (2000: 26).

17 Fronte ao sistema vocálico do italiano, onde se empregan 5 signos para representar 7 fonemas: <a> /a/, <e> /ɛ/ e /e/, <i> /i/, <o> /ɔ/ e /o/, <u> /u/. Merece a pena, pois, sinalar que o esquema do inventario vocálico do ligur aquí esbozado fai referencia ao que o profesor Toso sintetiza na súa *Grammatica del Genovese* (1997), na que aparece só unha vogal media posterior, mentres que outros estudosos recoñecen os dous graos de abertura das vogais medias posteriores (cfr. por exemplo Petracco Sicardi, 2002).

Representación “en triángulo”:



Todos estes fonemas teñen a posibilidade dunha realización curta ou longa. Uns artificios gráficos guían á pronuncia: por exemplo, a presenza dun acento circunflexo <^> indica que a vogal é longa (por ex. nos infinitivos: xen. *giâ* [ji'á:] ‘xirar’)¹⁸.

Como se ve no esquema ao ligur común non presenta o son vogal medioalto posterior de grao pechado [o], aínda que na fala individual si se pode atopar, pero, claro está, sen oposición fonolóxica co correspondente aberto, xa que a presenza de /o/ impide a existencia de /ɔ/ no mesmo sistema¹⁹.

0.4.b. – O consonantismo

O sistema consonántico do ligur consta de 20 (ou 22) fonemas:

- 2 oclusivas velares, unha xorda /k/ <c> ante *a, o, u*, <ch> ante *e, i*, e unha sonora /g/ <g> ante *a, o, u*, <gh> ante *e, i*.
- 2 oclusivas dentais, de idéntica grafía e articulación cás dentais da área ibérica (e por suposto do italiano), agás a realización relaxada da sonora [ð].
- 2 oclusivas bilabiais, coas que acontece o mesmo que explicamos coas dentais, faltando tamén a realización relaxada da sonora [β].
- 2 africadas palatais, unha xorda /ç/ <ci> ante *a, o, u*, <c> ante *e, i*, e unha sonora /j/ <gi> ante *a, o, u*, <g> ante *e, i*.
- 2 fricativas palatais, unha xorda /ʃ/ <sci> ante *a, o, u*, <sc> ante *e, i*, e unha sonora /ʒ/ <x>.
- 2 fricativas alveolares, unha xorda /s/ <s> e <ç>, e unha sonora /z/ <z>.
- 2 fricativas labiodentais, unha xorda /f/ <f>, e unha sonora /v/ <v>.
- 4 nasais, unha bilabial /m/ <m> ante vogal e oclusiva labial, unha alveolar /n/ <n> ante vogal, unha palatal /ɲ/ <gn> e nuns contextos <gni>, unha velar /ŋ/ <n> en todos os nexos consonánticos, <nn-V> ante vogal.

18 Tamén, nuns casos, emprégase o digrama <æ> [ɛ:], como na palabra *tæra* [‘te:ra] ‘terra’.

19 Cfr. Toso (1997: 19).

- 2 (ou 4) líquidas, unha vibrante apical /r/ <r> e <rr> (máis unha vibrante cerebral /ř/ <ř> en posición intervocálica), unha lateral alveolar /l/ <l> e <ll> (máis unha lateral palatal /ʎ/ <gli> nas falas da extremidade occidental da rexión)²⁰.

Para un exame contrastivo co italiano hai que facer fincapé na presenza nas falas ligures da fricativa palatal sonora /ʒ/ <x>, ausente no italiano, que só coñece a articulación xorda; na articulación cun máis baixo número de vibracións apicais da lingua na vibrante /r/²¹; na presenza en determinadas zonas da vibrante cerebral /ř/ <ř>; na existencia da nasal velar /ŋ/ fóra dos contextos velares (con valor fonémico, non alofónico). Polo contrario, hai que sinalar a ausencia no sistema fonolóxico ligur “común” dos fonemas italianos como a lateral palatal /ʎ/²², e da serie das africadas alveodentais /ts/ e /dz/, ambas <z>.

1. As líquidas

1.1. As laterais

1.1.a. – En posición inicial

A consoante lateral latina [l] en posición inicial conservou en toda a área aquí observada a súa articulación. Única excepción parece ser representada pola variante dialectal da extremidade oriental do territorio galego, ao leste de Lugo, onde a lateral latina palataliza dun xeito non disímil ao que amosan as falas de Asturias²³ cunha ulterior tendencia á articulación central palatal sonora [j].

Polo demais é regular a conservación da articulación orixinaria:

20 As formas entre paréntese son totalmente alleas ao xenovés e ás falas centro-orientais da rexión. Merecen ser testificadas engadindo ademais o dato interesante da súa distribución simultánea: aparece /rˀ/ onde existe /ʎ/ e viceversa.

21 Cfr. máis adiante no apartado adicado ós fonemas vibrantes.

22 Que existe nunhas falas occidentais; véxanse as notas ao pé da páxina do apartado adicado ós fonemas laterais.

23 Variedade lingüística que conta con 500.000 falantes, dos que se calculan 100.000 de lingua nai, na que é regular a palatalización dos laterais latinos iniciais (e dos laterais xeminaos en posición intervocálica): <ll> = [ʎ] cfr.: *lle* (< *lĕgem*), *lleite* (< **lactem*), *llingua* (< *lĭngŭam*). Cfr. Fernández Rei (1990: 57-58, 141-143); para un detallado estudo do fenómeno nos aspectos fonolóxicos, xeográficos e cronolóxicos, cfr. tamén Rodríguez-Castellano (1975: 137-149).

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
*lactem	leche	leite	læte ['lɛ:te]	latte ['lat:e]
lānam	lana	la	lann-a ['laŋa]	lana ['lana]
lēgem	ley	lei	lezze ['leze]	legge ['lej:e]
lībrum	libro	libro	libbro ['libru]	libro ['libro]
līngŭam	lengua	lingua	lengua ['leŋgwa]	lingua ['lingwa]
lūnam	luna	lúa	lunn-a ['lūja]	luna ['luna]

1.1.b. – En posición explosiva medial

En posición medial intervocálica os sons laterais latinos tiveron evolucións distintas: o italiano conservou a articulación orixinaria, o castelán mantén as laterais simples, mentres que palataliza as xeminadas²⁴. Doutra parte, vemos cómo o galego e mailas falas ligures comparten as mesmas evolucións:

— Dexeminación das laterais xeminadas:

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
anēllum	anillo	elo	anello [a'nelu]	anello [a'nel:o]
cāballum	caballo	cabalo	cavallo [ka'valu]	cavallo [ka'val:o]
cēpūllam	cebolla	cebola	çiòula [si'oula]	cipolla [çi'pol:a]
gallum	gallo	galo	gallo ['gálu]	gallo ['gal:o]
vīllam	villa	vila	villa ['vila]	villa ['vil:a]

— Caída das simples:

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
caelum	cielo	ceo	çê ['se:]	cielo ['çelo]
candēlam	candela	candea	candeia [kan'deja]	candela [kan'dela]
cōlōrem	color	cor	cô ['ko:] ¹	colore [ko'lore]
dōlōrem	dolor	dor	dô ['do:]	dolore [do'lore]
gēlāre	gelar	xear	zeâ [ze'a:]	gelare [je'lare]
fīlum	hilo	fio	fî ['fi:]	filo ['filo]
palūmbam	paloma	pomba	(cōmba ['ku:m̥ba])	(colomba [ko'lomba]) ²

Existen casos, pois, nos que, pola evolución específica dos idiomas modernos, un son lateral latino que orixinariamente se atopaba na última sílaba da palabra e en posición intervocálica pasa á final absoluta: o castelán conserva xeralmente o son lateral nesta posición á caída da vogal final (*sole* > *sol*), mentres que, en italiano, con casos de normal conservación da morfoloxía orixinaria alternan formas con elisión de vogal final en contextos literarios

24 A ese propósito é útil facer fincapé na tendencia á realización central deste son: [j] < [ç] < [l:] = <ll>.

ou por *sandhi* (*sole* > *sol*, ou **male di testa* > *mal di testa*). O galego ocupa unha posición ambigua tendo alternanza, na mesma palabra, entre o mantemento da sílaba final orixinaria (*cănālem* > *canle*²⁵), a conservación da lateral en posición final por apócope da vogal final latina (*cănālem* > *canal*) e a erosión da enteira sílaba final a través da caída da lateral (*mālam* > **maa* > *má*); paralelamente a esta evolución o ligur presenta sempre a erosión da última sílaba, excluindo así a posibilidade de conservación das laterais ao final.

1.1.c. – En posición implosiva medial

En posición implosiva interna prodúcese a neutralización da oposición entre laterais e temos que falar de realizacións alofónicas distintas segundo os contextos fonéticos. O mesmo acontece nos casos de *sandhi*. Esta pluralidade alofónica do arquifonema /L/ é xeralmente rasgo común dos idiomas aquí representados. Pódese esquematizar así:

	Castelán	Galego	Italiano
- articulación alveolar	<i>bálsamo</i>	<i>bálsamo</i>	<i>balsamo</i>
- articulación dental	<i>caldo</i>	<i>caldo</i>	<i>caldo</i>
- articulación palatal	<i>colchón</i>	<i>colchón</i>	<i>mal celato</i>

A esta serie cómpre adxuntar a da articulación interdental, inexistente, con todo, ao Sur dos Alpes (cast. e gal. *calzar*).

O ligur ocupa unha posición marxinal debida á regularidade no seu sistema fonolóxico da evolución das laterais implosivas afectadas pola lenición. A sistemática caída deste son compensouse moitas veces co alongamento da vogal tónica precedente:

<i>Latín</i>	<i>Ligur</i>
saltūm	sāto ['sa:tu]
*caldum < cālīdum	cādo ['ka:du]
tardío lat. *calcem	cāçinn-a [ka:'siŋa]
dulcem	doçe ['du:se] ³

<i>Italiano</i>	<i>Ligur</i>
maleducato ‘maleducado’	māducòu [ma:dū'kou]
malfatto ‘feito mal’	māfæto [ma'fæ:tu]

Noutros casos as falas ligures presentan unha evolución rotacizada das laterais latinas en posición implosiva, fronte ás formas italianas máis conservadoras dos sons orixinarios:

25 Neste caso pola imposibilidade de atopar en gal. o grupo consonántico *-nl* en final de palabra.

<i>Latín</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
*altitiam < altitūdinem	ertessa [er'tesa]	altezza [al'tets:a]
calcūlum	càrcolo ['karkulu]	calcolo ['kalkolo]
falcōnem	farco ['farku]	falco ['falko]
palpēbram	parpella [par'pela]	palpebra ['palpebra]
*qualcausam < qualem + causam	quarcōsa [kʷar'kosa]	qualcosa [kʷal'koza]
xerm. balko	parco ['parku]	palco ['palko]
árabe talq	tarco ['tarku]	talco ['talko]

Constitúe un caso a parte, con formas modernas moi interesantes para o fin da nosa investigación, a evolución do son lateral en posición implosiva nos nexos consonánticos con dental. Nestes casos, fronte a unha xeral tendencia do italiano á conservación do consonantismo orixinario, vemos no galego e máis nas falas ligures occidentais a regular vocalización en [u] do elemento implosivo lateral latino, que, ademais, en galego produce unha asimilación da vogal precedente, segundo o esquema [alt-] > *[aut-] > [out-]. No castelán a conservación do consoantismo orixinario altrénase coa caída da lateral e pechazón do diptongo secundario. Nas notas ao pé da páxina daranse as indicacións xeográficas das atestacións das formas ligures dos exemplos, fronte á forma do xenovés.

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Ligur</i>	<i>Italiano</i>
altārium	altar / otero	outeiro	autâ ⁴	altare
altĕrum	otro	outro	àutro ⁵	altro
baltĕum	bálteo	bouza ⁶	bàuso ⁷	balteo
*caldum < calidum	caldo	caldo	càudo ⁸	caldo
a. fr. *falda	falda	faldra	fàuda ⁹	falda
saltāre	saltar / chotar	choutar	sautâ ¹⁰	saltare

1.1.d. – Nos nexos consonánticos

A evolución moderna dos antigos grupos consonánticos cunha lateral en posición explosiva constitúe un dos casos máis interesantes desta comparación, xa que pon á luz os exemplos máis claros de similitude fonolóxica entre as dúas realidade lingüísticas que aquí estamos estudando. Lonxe de ser unha novidade, a observación deste aspecto tan chamativo pola regularidade das equivalencias dá voz a quen cre ver a posibilidade dun sustrato común entre o galego e o ligur fronte a quen fala, dende unha perspectiva xenerativista, de evolucións comúns sen ningunha conexión “xenética”²⁶.

26 No apartado da bibliografía daranse informacións sobre o material de estudo en ambas as direccións.

A lista dos exemplos podería ser verdadeiramente extensa e levaríanos lonxe dos nosos intentos, xa que os casos máis interesantes non presentan nas formas modernas do galego e do ligur rastro dos sons laterais orixinarios: limitarémonos entón a un breve esquema do fenómeno.

— Velar xorda máis lateral: o grupo *CL*.

O castelán é o único dos idiomas que aquí vemos a conservar a tipoloxía fonolóxica do son lateral do latín, aínda que cambie o punto de articulación: *cl* > [kʎ] <ll>, a través dun proceso de palatalización, asimilación e abreviatura: [kl] > [kʎ] > [ʎ:] > [ʎ]. O italiano optou pola vocalización do elemento explosivo, evolucionando así a velar a dorsal palatal: *cl* > kʎ kʎi <chi>. Galego e ligur comparten a mesma evolución a palatal africada xorda [č], <ch> en galego, <c> en ligur diante vogal anterior, <ci> nos outros casos. Préstese atención a que tal característica xeralmente se conserva en ligur incluso nos cultismos, mentres que o galego presenta nestes casos unha evolución rotacizada: [kl] > [kr]. Nos cultismos, aquí evidenciados coa cursiva, consérvase o consonantismo orixinario:

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
<i>clāmāre</i>	llamar	chamar	acciamâ [aça'ma]	chiamare [kja'mare]
<i>clārum</i>	<i>claro</i>	<i>claro</i> ¹¹	ciæo ['čeu]	chiaro ['kjiaro]
<i>claudēre</i>	-	choer	ciuenda ¹² [čü'enda]	chiudere ['kjudere]
<i>clausum</i>	-	chouso	cioso ['čuzu]	chiuso ['kjuzo]
<i>clāvem</i>	llave	chave	ciave ['čave]	chiave ['kjiave]
<i>clāvum</i>	<i>clavo</i>	cravo	ciôdo ['čo:du]	chiodo ¹³ ['kjiôdo]
<i>clēricum</i>	<i>clérigo</i>	crego	cēgo ['čegu]	chierico ['kjeriko]
lat. td. <i>clōccam</i>	llueca	choca	cioccâ ¹⁴ [čo'ca:]	chiocca ¹⁵ ['kjo:k:a]

— Labial xorda máis lateral: o grupo *PL*

Tamén neste caso o castelán amósase regular na conservación dos rasgos laterales do consonantismo latino, a través da palatalización do elemento explosivo do nexa e coa conseguinte asimilación do primeiro fonema ao segundo e dexeminación, segundo o esquema [pl] > [pʎ] > [ʎ:] > [ʎ]. O italiano presenta, unha vez máis, a vocalización do lateral en semivocal: [pl] > [pi]. Galego e ligur concordan na evolución a africada palatal xorda [č]. Fágase fincapé en que, mentres o galego presenta unha evolución rotacizada nas voces culta ou semi-cultas (exemplos destacados en cursiva), en xeral as falas ligures non coñecen excepción:

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Ligur</i>	<i>Italiano</i>
plagiam	<i>playa</i>	<i>praia</i>	ciazza ['časa]	(s)piaggia ['(s)piaj:ia]
planctum	llanto	<i>pranto</i>	cianto ['čañtu]	pianto ['pianto]
plangēre	-	-	cianze ['čañze]	piangere ['pianjere]
plantāre	<i>plantar</i>	chantar	ciantá [čañ'ta:]	piantare [piant'are]
plānum	llano	chan	cian ¹⁶ ['čañ]	piano ['piano]
plāteam	<i>plaza</i>	<i>praza</i>	ciassa ['časa]	piazza ['piats:a]
plēnum	lleno	cheo	cen ¹⁷ ['čeŋ]	pieno ['pieno]
plīcāre	llegar	chegar	cegâ [če'ga:]	piegare [pie'gare]
plōrāre	llorar	chorar	-	implorare ¹⁸ [implo'rare]
*plovit < plūit	llueve	chove	cieuve ['čöve]	piove ['piove]
plūmam	<i>pluma</i>	<i>pruma</i> ¹⁹	ciumma ['čüm:a]	piuma ['piuma]
plumbum	<i>plomo</i>	chumbo	ciongio ['čunŋju]	piombo ['piombo]
plūs	<i>plus</i>	<i>plus</i> ²⁰	ciù ²¹ ['čü]	più ['piu]

— Labiodental xorda máis lateral: o grupo *FL*

Representa un caso un pouco diferente pola evolución que tivo nos dialectos de Liguria. O italiano elixiu de novo a vocalización do segundo elemento do composto [fl] > [fi], mentres que o castelán alterna a evolución á lateral palatalizada [ʎ] con casos de conservación do consonantismo orixinario. As outras dúas realidades lingüísticas presentan, si, evolucións similares, mais mentres que en galego asistimos á pasaxe a africada palatal xorda [č] en todas as posicións, o ligur desenvolveu unha ulterior evolución a fricativa palatal xorda [ʃ] en posición inicial. Esta última poderíase considerar unha fase recente evolucionada a partir dunha máis antiga en africada palatal xorda común ao galego ([fl] > [č] > [ʃ]). Unha converxencia fonolóxica estreita entre galego e ligur atópase nos poucos casos nos que o nexa consonántico estea en posición interna.

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
afflāre	hallar	achar	-	-
*flagrāre	-	cheirar ²²	-	fragrarre [fra'grare]
flammam	llama	chama	sciamma ['ʃam:a]	fiamma ['fiam:a]
flātum	-	-	sciò [ʃou] / sciàu [ʃau]	fiato ['fiato]
flōrem	flor ²³	chorima ²⁴	sciô [ʃo:] ²⁵	fiore ['fiore]
flumen	-	-	sciumme ['ʃüm:e]	fiume ['fiume]
inflāre	inchar	inchar	incio ²⁶ ['iŋču]	(gon)fiare ²⁷ [(gon)'fiare]

1.1.e. – Lateral máis semi-vogal [j]

De máis complexa organización é o caso do encontro dunha lateral coa semivocal [j], pola pluralidade de evolucións modernas e pola inestabilidade coa que temos que enfrentarnos ao momento do recoñecemento das modernas palatalizacións.

É posible atopar nestas catro realidades resultados diferentes a partir das mesmas formas latinas: conservación do consonantismo orixinario, dexeminación, pasaxe a son central sonoro, velarización. Con todo, fronte a xeral regularidade dos tres idiomas, vemos cómo o ligur presenta unha situación marxinal.

Como xa dixemos, a natureza do ligur é extremadamente cambiante, froito iso de moitos factores, así que interesante e complexa á vez é a análise das múltiples posibilidades nunha perspectiva diatópica; ademais, e polas mesmas razóns, incluso cun estudo diacrónico de corto espectro podemos apreciar significativas diferenzas entre os recursos fonolóxicos de hoxe e os de hai cen anos.

Entrando máis no específico, podemos recoñecer a tendencia do castelán a facer evolucionar estas laterais en fricativas velares xordas; o galego opta pola palatalización das simples e a dexeminación das xeminadas orixinarias (amosándose unha vez máis conservador nos procesos lenitivos); o italiano preséntase regular, sexa no tratamento das simples, palatalizadas como en galego, sexa na conservación das xeminadas latinas.

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Italiano</i>
allium	ajo ['axo]	allo ['aʎo]	aglio ['aʎo]
cilium	ceja ['θexa]	cello ['θeʎo]	ciglio ['çiʎo]
mūliĕrem	mujer [mu'xer]	muller [mu'ʎer]	moglie ['moʎe]
palĕam	paja ['paxa]	palla ['paʎa]	paglia ['paʎa]
gallīnam	gallina [ga'ʎina]	galiña [ga'ʎina]	gallina [ga'ʎina]
gallum	gallo [ga'ʎo]	galo [ga'ʎo]	gallo [ga'ʎo]
mallĕum	majuelo ²⁸ [ma'x±elo]	mallo [ma'ʎo]	maglio [ma'ʎo]

Como xa tivemos ocasión de dicir, o xenovés non posúe laterais palatais na súa fase actual, pero si as tivo no pasado. A través da análise dos topónimos nos documentos medievais é aínda posible recoñecer as etapas de transformación da lateral latina ata á articulación central de hoxe: ao principio do século X aínda se conservaba a lateral latina seguida da semivocal [4]²⁷, mentres que nos documentos da metade do século XII xa asistimos á palatalización en [ʎ]²⁸, agás uns casos de grafías arcaizantes “che richiamano la fase intermedia [j]”²⁹.

27 *Pelio* (1009) e *Maleolo* (1030); cfr. Azaretti (1982: 68).

28 *Pegli* (1175) e *Maglolo* (1145); cfr. Azaretti (*ibidem*).

29 Azaretti, (1982: 68-69); con referencia á forma *Corneiano* (topónimo correspondente ao actual *Cornigliano*, segundo a oficial toponimia italiana, *Cornigian* na forma autóctona) datada 1163.

<i>Latín</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Ventimillés</i>
allĭum	aggio ['aju]	agliu ['alu]
cĭlĭum	ciglie ²⁹ ['çile]	çegliu ['selu]
fāmĭlĭam	famiglia [fa'mija]	famiglia [fa'miɫa]
mŭlĭĕrem	moggê [mu'je:]	muglié [mu'le]
palĕam	paggia ['paja]	paglia ['paɫa]
gallĭnam	gallinn-a [g'a'liŋa]	gaglina ³⁰ [g'a'liŋa]
gallum	gallo ['galu]	gagliu ['galu]
mallĕum	maggio ['maju]	magliu ['maɫu]

1.1.f. – *Resumo: distribución*

— En posición inicial absoluta é posible o fonema lateral /l/ nas catro realidades lingüísticas aquí analizadas, pero non o seu opoñente palatalizado, que só é posible en castelán, lingua que si coñece a oposición fonolóxica /l/ ~ /ɫ/ nesta posición: cast. *loro* ~ *lloro*³⁰.

— En posición interna intervocálica é posible atopar en italiano toda a gama de laterais, manténdose produtiva a oposición fonolóxica /l/ ~ /l:/ ~ /ɫ/: *pala* ['paɫa] 'pa', *palla* ['pa:l:a] 'balón', *paglia* ['paɫa] 'palla'. En castelán, así como en galego, é posible a oposición entre /l/ e /ɫ/: *bala* ['bala], *valla* (substantivo en castelán e forma do subxuntivo do verbo *valer* en galego) ['baɫa]. Como xa vimos, nas falas ligures existe unha sustancial diferenza na distribución diatópica e ao mesmo tempo diacrónica dos laterais palatais: inexistentes nas falas centrais e orientais de época moderna (agás uns poucos préstamos do italiano), mentres que son posibles en posición central nos dialectos occidentais.

— Para as laterais en posición interior implosiva xa vimos antes as posibilidades de articulacións alofónicas posibles nos distintos idiomas no apartado 1.1.c.

— Finalmente, en posición final as posibilidades limítanse unicamente á articulación alveolar /l/ do arquifonema /L/ (sendo imposible a correspondente palatalizada). En realidade isto pódese referir máis ben aos idiomas da área ibérica, sendo posible en italiano a lateral en posición final de palabra só en determinados contextos fonéticos: por ex. **bello dipinto* > *bel dipinto* [beldi'pinto] 'bonita pintura', ou **male di testa* > *mal di testa* [maldi'testa] 'dor de cabeza'³¹. O ligur, pola erosión da enteira sílaba final lat. *-IV*, non presenta laterais en posición final absoluta.

30 Para unha clasificación das oposicións na clase das líquidas en gal. (e por contraste, en cast.), cfr. Veiga (2002: 201-214).

31 A estes casos hai que engadir a forma do artigo masculino singular *il* e as contraccións da mesma cunhas preposicións (*al, dal, del, nel, col, sul*).

1.2. As vibrantes

Falar dos sons vibrantes nunha perspectiva diatópica e de comparación obríganos a levantar unha pequena introdución para presentar unha substancial diferenza articulatória. No contexto das falas ibéricas que aquí tratamos existen, como ben se coñece, dúas articulacións vibrantes: unha simple [r] e outra múltiple, ou polivibrante [rr], diferenciándose esa por un máis elevado número de vibracións apicais da lingua. Como xa no seu momento aclarou Veiga Arias³², o proceso lenitivo que afectou á Península Ibérica empezou pola simplificación da vibrante xeminada latina, que conservou unha articulación máis tensa cá da simple orixinaria. É entón no [-r-] intervocálico secundario onde hai que pescudar o núcleo de orixe deste fenómeno fonético moderno que, pola súa articulación máis tensa —como acabamos de ver—, en épocas máis recentes pasou afectar tamén ás vibrantes iniciais <r- > [r] > [rr]. Nesta posición non existe oposición fonolóxica entre vibrantes, sendo posible, tanto en galego, como no castelán, só o son vibrante múltiple [rr]: *radio* [ˈraðjo], *Roma* [ˈroma]... Aínda sobreviviu a oposición fonolóxica /r/ ~ /rr/ en posición intervocálica, representada co expediente gráfico da xeminada: gal. (e cast.) <caro> [ˈkaro] ~ <carro> [ˈkaro].

Dunha forma, por así dicilo, complementaria ao que acontece en posición inicial explosiva, en posición implosiva dáse unha vibrante simple (-tensa) sen posibilidade de oposición fonolóxica: *cardo* [ˈkard̥o], *cerdo* [ˈθer̥do], *perder* [perˈðer]... Esta tendencia é causa tamén da perda de tensión das vibrantes múltiples en posición final de palabra por *sandhi* ou sexa cando a palabra seguinte comeza por vogal ou por consoante, sexa sonora ou xorda: <por algo> [poˈralgo], <por doquiera> [por̥doˈkjera]. Iso non acontece en italiano, onde non existe a vibrante múltiple, mentres que aínda vive a oposición fonolóxica entre a simple <r> /r/ e a xeminada <rr> /rr/ (de carácter heterosilábico): <caro> [ˈkaro] ~ <carro> [ˈkarːo]³³.

En territorio ligur, pola tendencia propia do dialecto á perda das vibrantes en posición intervocálica, o *r* vese privado posteriormente de tensión e reducido a un son debilísimo en calquera posición e evanescente entre vogais, case non vibrado.

Finalmente temos que recoñecer unha cuarta posibilidade articulatória, esta vez típica unicamente das falas ligures occidentais, nas que se recupera ese son en forma de [ʁ] non vibrante e ás veces cacuminal: *lat.* girāre, *cast.* [xiˈrar], *gal.* [ʃiˈrar], *it.* [ʒiˈrare], *xen.* [ʒiˈa:],

32 Cfr. Veiga Arias (1983: 276): “En cuanto a la geminada vibrante [rr], resulta que no pasó de la primera fase del cambio, común al proceso de todas las geminadas, que debió consistir en que el momento implosivo de las geminadas se hizo explosivo y se sumó al ya existente, con lo que la geminada se convirtió en una consonante simple, pero muy tensa, que en el caso de la vibrante se tradujo en un mayor número de vibraciones apicales, por lo que la oposición latina geminada / simple se transformó en la oposición romance vibración múltiple / vibración simple, o tenso / flojo, /r-/ - /rr/. Secundariamente la vibrante simple inicial de palabra se acomodó al tratamiento de la geminada intervocálica y pasó a ser una vibrante múltiple o tensa, lo mismo que en posición explosiva precedida de consonante heterosilábica, aunque sin valor fonológico [...]. El tratamiento de las vibrantes latinas que se da en gallego es el mismo que se observa en castellano”.

33 Para esta aspecto cfr. Veiga (2002: 108-110), onde trata o problema da interpretación fonemática dos xeminados italianos e a súa distribución heterosilábica (con implosión na primeira sílaba e explosión na segunda).

lig. oc. [jɪ'fa:]. Considerada esta pluralidade e a súa distribución xeográfica, considero máis útil para o noso traballo de comparación prescindir destas oposicións facendo así fincapé só nos casos de conservación ou de evolución (ou de caída) dos sons vibrantes orixinarios latinos. Por iso todas as unidades vibrantes serán representadas polo signo gráfico <ɾ> ou <rr>.

1.2.a. – En posición inicial

A pesar das distincións ás que antes fixemos mención, as vibrantes da área considerada son todas apicais, ou sexa, articulados a través de rápidas vibracións da extremidade da lingua sobre os alvéolos dos dentes. Que esa fose tamén a articulación latina demostraríase no feito de que en determinadas posicións permitiu algunhas evolucións fonéticas mentres que impediu outras³⁴: innovación recente é, por exemplo, o son vibrante uvular francés [ʀ], articulado a través da vibración da úvula³⁵.

A xeral conservación das vibrantes iniciais latinas é un feito fonético compartido en toda a área romance.

<i>Latín</i>	<i>Fr.</i>	<i>Prov.</i>	<i>Cast.</i>	<i>Catal.</i>	<i>Port.</i>	<i>Gal.</i>	<i>Lig.</i>	<i>Ven.</i>	<i>Sardo</i>	<i>Ital.</i>
radīcem	racine	racino	raíz	-	raiz	raíz	reixe	raise	raighina	radice
rāmum	rame ³¹	ramèu	ramo ³²	ram	ramo	rama	rammo	ramo	ramu	remo
rēgem	roi	rèi	rey	rei	rei	rei	re	re	rei	re
rēmum	rame	rem	remo	rem	remo	remo	remmo	remo	remu	remo
rīvum	ruisseau ³³	riau	río	riu	rio ³⁴	río	riàn ³⁵	río	riu	rivo
rōsam	rose	roso	rosa	rosa	rosa	rosa	reusa ³⁶	r(i)osa	rosa	rosa
rūga ³⁷	rue	-	rúa	rua	ruga	rúa	ruga	ruga	ruga	ruga

Existe unha evolución típica do xenovés que prevé a inserción dun prefixo intensivo nos verbos que empezan por vibrante, coa pasaxe, entón, de *r-* a *arr-*. O galego comparte este fenómeno aínda que sexa só a nivel popular³⁶. Quedan excluídos o castelán e o italiano, agás casos aillados³⁷.

34 “Nel latino arcaico *r* favorì il passaggio di *uo-* ad *ue-* (cfr. *uersus* < *uorsus*, *uertex* < *uortex*) e viceversa impedì quello di *ē* ad *ō* (cfr. *homo* < *hemo*, ma *erud.*, *ferus*, *merus*, *serum*)”, Bonioli (1962: 97).

35 Innovación datable arredor dos séculos IX e XI que da Francia septentrional propagouse a Alemaña e a Dinamarca na época da ilustración para despois avanzar, na época moderna, na Suecia central. Cfr. Bonfante: *Corso di glottologia*, Xénova, 1956: 100 n. 1, en Bonioli (1962: 97).

36 Cfr. Ferreiro Fernández (1999⁴: 144-145, § 84b; 207-209, § 134).

37 Véxanse por exemplo o verbo it. *arrabbiarsi* (< lat. *rābēre*) ou o adxectivo lat. *rossum* sobre que construíuse a forma verbal italiana *arrossire*; nestes casos o prefixo *a-* ten valor incoativo.

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Gal. com.</i>	<i>Gal. pop.</i>	<i>Xenovés</i> ³⁸	<i>Italiano</i>
*rĕ-celāre	recelar	rehear	arrehear	-	(recesso) ³⁹
rōtāre	rodar	(ar)rodear	arrodear	arrigoâ	ruotare
*rĕ-cālĕntāre <cālĕre	calentar	requeutar	arrequeutar	<i>scaudâ</i>	riscaldare ⁴⁰
*re-collĭgĕre ⁴¹	(re)coger	(re)coller	arrecoller	arreccheugge	(rac)cogliere
re-commendāre ⁴²	recomendar	recomendar	arrecomendar	arreccomandâ	raccomandare
rŭĕre	arruinar	arruinar	arruinar	arroinâ	rovinare ⁴³
rĕgĕre	regentar	rexer	arrexer	arrĕze	reggere
reversāre	verter	reverter	arreversar	arreversâ	rovesciare ⁴⁴
*re-tirāre ⁴⁵	retirar	retirar	arretirar	arretiâ	ritirare
restāre	(ar)restar	(ar)restar	(ar)restar	arrestâ	(ar)restare

1.2.b. – *En posición intervocálica*

Como xa dixemos ao principio deste apartado, a serie das vibrantes en ligur distínguese por un baixo número de vibracións apicais da lingua, que queda en posición máis retraída respecto á da articulación da vibrante no italiano común. Algúns estudosos³⁸ recorren á tendencia da fala de Bonifacio³⁹, que ao parecer reflicte a pronuncia do ligur do século XII, para defender a existencia dunha pronuncia case uvular da vibrante na época antiga. Un progresivo debilitamento desta pronuncia faría evanescente este fonema nas falas modernas. Será entón unha innovación exclusiva do xenovés —e da maioría das falas ligures⁴⁰— a caída da vibrante intervocálica, restablecida, con todo, por exemplo, en algunhas das pronuncias da área fronteiriza con Piamonte (moitas veces en forma non vibrante [r̥]).

Aínda que sexa un fenómeno interesante na evolución interna das falas ligures, é, neste contexto, inútil á comparación sinóptica das catro realidades analizadas. O esquema aquí abaixo presentará polo tanto un número de exemplos necesariamente reducido: dunha parte as formas das falas centrais (xen.), doutra as doutras variedades das que nas notas ao pé da páxina se dá precisa indicación xeográfica. Fágase fincapé en cómo a conservación da vibrante (calquera que sexa a súa articulación) é fenómeno de maior produtividade nas área occidentais da rexión.

38 Cfr. Van der Bergh (1983: 66); segundo o autor ese fenómeno produciríase en Xénova arredor do século XVII.

39 Trátase da extremidade meridional da illa de Córsega, entregada polo papa Urbano II ás máis importantes familias de Pisa no 1092; a raíz das loitas polos comercios no Mediterráneo pasou ser xenovés dende o 1195. Antes de que no 1769 pasase a Francia, Bonifacio compartiu con Xénova costumes e idioma, o mesmo, este, que aínda hoxe segue vivo, case cristalizado no momento da conquista ligur no século XII. A de Bonifacio é unha das illas lingüísticas ligures fóra dos confins rexionais, como a da Carloforte en Cerdeña ou a de Mónaco (practicamente desaparecida).

40 Considerada no seu momento “un’alterazione di carattere etnico, l’acutissima fra le spie liguri”; cfr. Merlo (1959: 86).

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Outr. variedades</i>	<i>Italiano</i>
ad illām hōram	(ahora)	(agora) ⁴⁶	alloa [al'ua]	alluŕa ⁴⁷ [a'l'uŕa]	allora [a'l:ora]
āmārum	amargo	amargo ⁴⁸	amāo [a'ma:u]	amaŕo ⁴⁹ [a'ma:ŕu]	amaro [a'maro]
clārum	claro	claro	ciæo ['čɛu]	cæfo ⁵⁰ ['čɛfu]	chiaro ['kja:ro]
girāre	girar	xirar	giā [j'a:]	giŕa ⁵¹ [gi'ŕa:]	girare [ji'rare]
mānūāriam	manera	maneira	mainēa [mai'nea]	manēŕa ⁵² [ma'neŕa]	maniera [ma'njera]
pĕrīcŭlum	perigro ⁵³	perigo	peigo [pe'igu]	peŕigo ⁵⁴ [pe'ŕigu]	periglio ⁵⁵ [pe'ri:lo]

As antigas vibrantes xeminadas padecen en xenovés a dexeminación na pronuncia, mentres que a grafía conserva moi a miúdo a forma orixinaria (¿por influxo do italiano?). Nos outros casos estudados asistimos á conservación do consonantismo latino: a ausencia de evolución lenida en área ibérica débese á innovación do *r* múltiple que impediu o debilitamento da simple. Nótese cómo estas evolucións son constantes prescindindo da orixe dos lemas:

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
(galo) carro-	carro	carro	cāro ['karu]	carro ['kar:o]
corrĭgĕre	corregir	corrixir	correze [ku'reze]	correggere [ko'r:ej:ere]
currĕre	correr	correr	corrĭ [ku'ri:]	correre ['kor:ere]
tĕrram	tierra	terra	tĕra ['tera]	terra ['tɛr:a]
(xerm.) werra	guerra	guerra	guæra ['guera]	guerra ['guɛr:a]

1.2.c. – *Nos grupos consonánticos*

Carente de todo interese pola nosa comparación é a evolución das vibrantes que participan á constitución dos nexos consonánticos latinos a causa da compartida tendencia nestes casos á conservación integral do consonantismo orixinario.

1.2.d. – *En posición final absoluta*

Finalmente, o son vibrante en final de palabra, aínda que non orixinario, consérvase na área ibérica, consecuentemente á caída da vogal final das formas dos infinitivos latinos⁴¹. Ao sur dos Alpes asístese á conservación da forma latina en italiano e á erosión da enteira sílaba final en ligur⁴², probablemente pola tendencia xeral das falas ligures á perda das vibrantes intervocálicas.

41 Nunha isoglosa que afecta ás veces incluso a área franco-provenzal. Cfr., por exemplo, en fr. os verbos en *-ir*: *mourir* /mu'ri:R/, pero *chanter* /ʃã'te/.

42 Nesta posición o fenómeno é máis xeral, xa que incluso as falas da extremidade occidental da rexión presentan a erosión da enteira sílaba final: cfr. as formas do vent., mon., sanr. *cantà* (< lat. *cantāre*); atópanse, por suposto, tamén formas con recuperación do son vibrante orixinario: cfr. a forma *cantār* na fala de Pigna (IM). Para estas documentacións cfr. Azaretti (1982: 208-209).

Latín	Castelán	Galego	Xenovés	Italiano
amāre	amar	amar	amâ [a'ma:]	amare [a'mare]
currēre	correr	correr	corrî [ku'ri:]	correre ['kor.ere]
dēbere	deber	deber	dovei [du'vej]	dovere [do'vere]
dōrmire	dormir	durmir	dormî [dur'mi:]	dormire [dor'mire]
iōcāre	jugar	xogar	zūgâ [zū'ga:]	giocare [jo'kare]

Nuns esporádicos casos atopamos en italiano a posibilidade dunha vibrante en posición final absoluta, case sempre por apócope: incluso nestes casos o ligur presenta a súa característica perda da vibrante.

Latín	Italiano	Xenovés
facēre	<i>fare</i> pero, por <i>sandhi</i> , <i>far</i> (ex. <i>far tardi</i>).	fâ ['fa:]
marem	<i>mare</i> pero en contextos poéticos ou en formas excepcionais así cristalizadas <i>mar</i> (ex. <i>Mar Mediterraneo</i>).	mâ ['ma:]
por (< pro)	<i>per</i>	pe ['pe]

1.2.e. – *Resumo: distribución*

O problema da clarificación e da organización da casuística dos fonemas vibrantes nunha perspectiva de comparación sinóptica como a que aquí intentamos desenvolver non é de fácil solución, sobre todo pola distribución xeográfica do fonema múltiple /r/, ausente en área itálica e da especificidade da vibrante cerebral /r̄/ nas falas ligures occidentais. Podemos de todos os xeitos sinalar algúns puntos importantes:

— en posición inicial só é posible a múltiple na área ibérica e a dexeminada ao sur dos Alpes, demostrando que a relación entre a vibrante múltiple ibérica e as xeminadas orixina-rias non é estreita⁴³;

— en posición intervocálica temos a distribución completa das vibrantes, con valor de oposición fonolóxica entre múltiple ~ simple (*carro* ~ *caro*) na área ibérica, e entre xeminada ~ dexeminada (*carro* ~ *caro*) en Italia;

— nos nexos consonánticos só atopamos a simple en italiano, mentres que é posible unha articulación múltiple en posición explosiva nuns determinados contextos na área ibérica⁴⁴;

43 Cfr. a ese propósito Veiga (2002: 212-214) no parágrafo adicado á conmutabilidade da vibrante simple, e tamén máis adiante: “El argumento distribucional, aun sin ser definitivamente probatorio, sí es suficientemente elocuente en cuanto a la necesidad de cautela antes de identificar precipitadamente el sonido múltiple del español con los casos de -rr- en latín o italiano” (2002: 228).

44 “Tras líquida lateral (p. ej., *alredor*) o tras consonante (p. ej., *honrado*, *subrayar*)” (Veiga, 2002: 223). Nótese que se trata de casos de vibrante en ataque de sílaba.

— En posición final absoluta a distribución limitábase á múltiple ibérica (con articulación simple nunha velocidade conversacional normal) e á simple itálica.

2. As nasais

2.a. – En posición inicial

En posición inicial os sons consoantes nasais latinos consérvanse nas realidades aquí observadas así como en toda a área romance, sexa o bilabial [m], sexa o alveolar [n], sendo imposibles nesta posición os outros alófonos:

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
*mārem	mar	mar	mâ	mare
mēntem	mente	mente	mente	mente
mūlum	mulo	mula ⁵⁶	mù	mulo
nāvem	nave	nau	nāe	nave
nĕgāre	negar	negar	negâ	negare
*nĕvem (< nĭvem)	nieve	neve	neive	neve
nōvem	nueve	nove	nōve	nove

2.b. – En posición intervocálica

Nesta posición podemos observar distintas evolucións modernas segundo os contextos: conservación do consonantismo orixinario, dexeminación, palatalización, caída e, nuns casos, velarización.

No caso dos xeminados latinos, observamos a xeral conservación das nasais orixinarias (ás veces a través dunha asimilación) ao Sur dos Alpes incluso nas falas ligures, que normalmente participan dos procesos lenitivos, mentres que a área ibérica presenta a dexeminación (/N:/ > /N/) alternante coa asimilación máis palatalización (/mn/ > /n:/ > /ɲ/). A través dunha análise máis específica vemos cómo os procesos lenitivos se producen de forma máis regular en galego (-[nn]- > -[n]-; -[n]- > ∅) ca no castelán (-[nn]- > -[ɲ]-; -[n]- → -[n]-)⁴⁵:

45 Cfr. Veiga (2002: 96-97), con referencia a Veiga Arias (1983: 277): “La degeminación [...] en gallego suponía una amenaza para la diferenciación con los sonidos simples, en tanto que en castellano la palatalización evitaba todo peligro, por lo que -[n]- y -[ɲ]- no necesitaron evolucionar”.

Latín	Castelán	Galego	Xenovés	Italiano
flammam	llama	chama	sciamma ['ʃam:a]	fiamma ['fjam:a]
cannam	caña	cana	canna ['kan:a]	canna ['kan:a]
somnum	sueño	sono	seunno ['sön:u]	sonno ⁵⁷ ['son:o]
summum	somo	sumo	sommitæ [sumi'te]	sommo ['som:o]

Os sons simples orixinarios foron xeralmente conservados por castelán e italiano, mentres que galego e ligur demostran unha peculiar autonomía na evolución de un dos rasgos fonolóxicos máis propios destas dúas realidades. O galego presenta principalmente dúas formas distintas de evolución das nasais non labiais⁴⁶: simple perda da nasal con conseguinte crase das vogais⁴⁷ (e nuns casos formación de diptongos propios) e palatalización como evolución específica da vogal nasalizada á caída da nasal orixinaria (regular en presenza de [4]). Hai que engadir tamén unha evolución especial pouco produtiva, a da velarización⁴⁸, comparada co ligur que non presenta a caída da nasal, eu creo pola especialización da produtividade da velarización:

Latín	Castelán	Galego	Xenovés	Italiano
bonam	buena	boa	bonn-a ['buɲa]	buona ['buona]
catēnam	cadena	cadea	cadenn-a [ka'deɲa]	catena [ka'tena]
luna	luna	lúa	lūnn-a ['lūɲa]	luna ['luna]
*tenio (< tēñeo)	tengo	teño	tegnu ['teɲu]	tengo ['teɲgo]
ūnam	una	unha	ūnn-a ['ūɲa]	una ['una]
vīcīnam	vecina	veciña	vexinn-a [ve'ʒiɲa]	vicina [vi'çina]

O ligur continúa este rasgo fonolóxico tamén nas palabras de máis recente adquisición, nos derivados, nos diminutivos: cfr. *magninn-a* [ma'ɲiɲa] ‘maniña, man pequena’, *pinn-a* [‘piɲa] ‘chea’, *Ginn-a* [‘jiɲa] abreviatura do antropónimo *Luigia*.

2.c. – En posición interna: nos nexos consonánticos

Como ben se coñece, na composición dos nexos consonánticos atopamos distintos alófonos segundo o entorno fonético no que se sitúa a nasal. A grafía nestes casos só coñece

46 Xeralmente as nasais labiais latinas consérvanse nestas catro realidades, aínda que o xen. presente unha evolución inusual, paralela á das xeminadas: lat. *fumum*, cast. *humo*, gal. *fumo*, it. *fumo*, xen. *fumme* [‘füm:e].

47 Sobre a particular evolución das terminacións *-ana* nas falas galegas cfr. García (1975: 151-156) e Pérez (1982: 201-213).

48 “A solución común do galego, *unha*, para o latín *ūna* (cfr. *lūna* > *lūa* > *lúa*) debe explicarse a partir da aparición dunha consoante nasal velar no proceso de desnasalización do son vogal labiovelar *u*. Isto explica tamén a forma portuguesa *uma* (cfr. port. dial. *luma* por *lúa*), en que prevaleceu o carácter labial da vogal. De todos os xeitos, no bloque oriental é frecuente a forma totalmente desnasalada *úa*, para alén da forma medieval *ūa*, conservada nos Ancares” (Ferreiro, 1999⁴: 142).

dous signos para representar toda a gama de articulacións nasais: <m> para as bilabiais, <n> para todas as demais, sexan elas velares [ŋ] como no cast. *ancla*, gal. *áncora*, it. *ancora*, palatais [ɲ] como no cast. e gal. *mancha*, it. *pancia*, dentais [ɳ] como no cast. *diente*, gal. e it. *dente*, interdentais [ɲ̃] como no cast. e gal. *onza*, alveolais [n] como no cast., it. e gal. *ansia* [ˈansja], labiodentais [m̥] como no cast. e gal. *ánfora*, it. *anfora*⁴⁹.

Fronte a esta ampla gama de alófonos, o ligur presenta unha excepcional produtividade da evolución velar das nasais, que conservan tal articulación incluso nos encontros con consoantes non velares, obrigando ao falante a unha pequena e imperceptible pausa entre o son implosivo e o explosivo: cfr. *dente* [ˈdeŋte] ‘dente’, *mente* [ˈmeŋte] ‘mente’, *cianze* [ˈtʃaŋze] ‘chorar’, *mangiá* [maŋˈja:] ‘comer’...

2.d. – En posición final

Nesta posición a evolución dos sons nasais orixinarias tomou dous camiños distintos moi ben definidos: dun lado a conservación da articulación orixinaria alveolar [n] en italiano e en castelán, doutra banda a velarización sistemática en galego así como nas falas ligures:

<i>Latín</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego</i>	<i>Xenovés</i>	<i>Italiano</i>
bene	bien [ˈbʲien]	ben [ˈbeŋ]	ben [ˈbeŋ]	bene / ben [ˈben]
bōnum	bueno	bo / bon [ˈboŋ]	bon [ˈbuŋ]	buono / buon [ˈbuɔno]
canem	can [ˈkan]	can [ˈkaŋ]	can [ˈkaŋ]	cane [ˈkan]
cūm	con [ˈkon]	con [ˈkoŋ]	con [ˈkuŋ]	con [ˈkon]
fīnem	fin [ˈfin]	fin [ˈfiŋ]	fin [ˈfiŋ]	fine / fin [ˈfin]
īn	en [ˈen]	en [ˈeŋ]	in [ˈiŋ]	in [ˈin]
sōnum	son [ˈson]	son [ˈsoŋ]	son [ˈsuŋ]	suono [ˈsuɔno]
tōnum	tono	ton [ˈtoŋ]	ton [ˈtuŋ]	tono [ˈtɔno]
unum	uno / un [ˈun]	un [ˈuŋ]	un [ˈuŋ]	uno / un [ˈun]

Esta peculiar articulación é produtiva tamén nalgúns casos de *sandhi* (cfr. gal. *eu non oín iso* [eʊnoŋɔˈiŋ ˈiso]⁵⁰ e xen. *fan fito* [faŋˈfiːtu] ‘fan axiña’), e incluso recoñécese en falantes galegos ou ligures en contextos lingüísticos non autóctonos, ou sexa, falando castelán ou italiano (cfr. *così fan tutte* [kozifanˈtutːe] segundo a pronuncia italiana septentrional, [kozifanˈtutːe] segundo a pronuncia do italiano en Liguria).

49 Para unha diferenciación semántica a raíz da oposición fonolóxica cfr. it. *regni* [ˈreːni] ~ *remi* [ˈreːmi] ~ *reni* [ˈreːni], cast. *ordenar* ~ *ordeñar*, *cama* ~ *cana* ~ *caña*.

50 Cfr. Regueira (1998: 61).

2.e. – *Resumo: distribución*

Trataremos aquí de recoñecer a distribución dos sons nasais prescindindo dunhas variantes alofónicas, evidenciando as posibilidades de colocación das nasais que representen termos de posible oposición fonolóxica:

— En posición inicial as posibilidades redúcense practicamente á bilabial [m] e á alveolar [n]. As catro realidades estudadas coñecen a nasal palatal /ɲ/ en principio de palabra en raros casos de cultismos, onomatopeas ou de préstamos:

- a) no castelán cóntanse 50 entradas baixo a letra <ñ> das que só unha procede do latín: *ñoño* < nonnum⁵¹;
- b) o Italiano presenta 44 entradas en <gn> nas que se inclúen tamén as formas con pronuncia velar [ɣn]; só 3 lemas poden considerarse patrimoniais⁵²;
- c) o galego ten 6 palabras baixo o <ñ>, das que só unha é patrimonial e de orixe onomatopeica: *ñáñaras*⁵³.
- d) o xenovés testemuña só 9 entradas con nasal palatal, das que recoñecemos un préstamo do italiano e polo menos 3 formas onomatopeicas⁵⁴.

— En posición intervocálica é posible a labial [m], a alveolar [n], a palatal [ɲ]; o ligur prevé tamén e con valor fonético a velar /ŋ/ (o gal. unicamente na forma do artigo indeterminado *unha* e dos seus compostos).

— Nos grupos o arquifonema /N/ maniféstase en galego ou castelán de forma alofónica segundo o contexto; o ligur non coñece nesta posición máis que a realización labial ante consoante labial e a velar en todos os demais contextos.

— En posición final absoluta atopamos a nasal alveolar [n] en italiano e castelán, e a velar [ŋ] en galego e ligur; os demais alófonos non se dan, agás a posibilidade de atopar unha nasal bilabial [m] en casos de onomatopeas de recente adquisición (por ex. *boom*) en especial modo ao Sur dos Alpes, onde a pronuncia respecta a grafía, sendo abitual, polo contrario, en territorio ibérico, unha pronuncia alveolar (ou velar) para estas formas.

51 Datos referidos ao *Diccionario de la lengua española. Vigésima primera edición*. Real Academia. Madrid, 1992.

52 Datos referidos a *lo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana*. Di Nicola Zingarelli. Zanichelli ed., Bologna, 2002.

53 Datos referidos ao *Diccionario Xerais da Lingua*. Xerais, Vigo, 2002.

54 Datos referidos ao pequeno *Dizionario italiano genovese, genovese italiano*. F.Toso. Ed. A. Vallardi. Milano, 1998; Frisoni (1910) recolle só 7 formas.

Abreviaturas.

— Xeografía:

As catro provincias ligures (segundo o tradicional costume italiano de utilizar as antigas abreviaturas das matrículas automobilísticas):

GE: Xénova
 IM: Imperia
 SP: La Spezia
 SV: Savona

— Vocabularios:

(Ver no apartado de bibliografía)

— Idiomas e dialectos:

Cast.: castelán
 Catal.: catalán
 Fr.: francés
 Gal.: galego
 Gr.: grego
 It.: italiano
 Lat.: latín
 Lig.: ligur (común)
 Mon.: monegasco (dial. ligur de Mónaco)
 Port.: portugués
 Prov.: provenzal
 Sanr.: sanremasco (dial. de Sanremo)
 Ven.: véneto (dial. de Venecia e da súa rexión)
 Vent.: ventimillés (dial. de Ventimiglia)
 Xen.: xenovés
 Xerm.: xermánico

— Outros:

ant.: antigo
 art.: artigo
 cfr.: confrontar
 dial.: dialecto / dialectal
 oc.: occidental
 or.: oriental
 mod.: moderno
 td.: tardío
 vol(s).: volume(s)

Bibliografía

- AA.VV.: *Fontes Ligurum et Liguriae Antiquae*, negli Atti della società Ligure di Storia Patria (vol. XVI), Genova, 1976.
- Alessio Giovanni: *Il nome dei Liguri*, in RSL, XII, 3, Bordighera (IM), 1947: 113-119.
- Azaretti Emilio: *L'evoluzione dei dialetti liguri, esaminata attraverso la grammatica storica del ventimigliese*. Ed. Casabianca, Sanremo, 1982².
- Barberini Santi Emilio: *Il nome dei Liguri. Origine, significato, estensione*. Scuola grafica genovese, Genova, 1974.
- Bonioli Maria: *La pronuncia del latino nelle scuole. Dall'antichità al Rinascimento. Parte I*. Giappicchelli, Torino, 1962.
- Bottiglioni Gino: *Indice fonetico per l'area di espansione ligure*. In Atti del I Congresso internazionale di studi liguri. Bordighera (IM), 1952.
- Del Ponte Renato: *I Liguri. Etnogenesi di un popolo. Dalla preistoria alla conquista romana.*-ECIG, Genova, 1999.
- Devoto Giacomo: *Origini Indoeuropee*. Sansoni, Firenze, 1962.
- Fernández Rei Francisco: *Dialectología da lingua galega*. Xerais, Vigo, 1990.
- Ferreiro Fernández Manuel: *Gramática histórica galega - I. Fonética e Morfosintaxe*. Laiovento, Santiago de Compostela, 1999⁴.
- García Constantino: *Resultados del sufijo -ANA en gallego*. En *Verba* n° 2. Universidade de Santiago de Compostela, 1975: 151-156.
- Gaspani Adriano: *La cultura di Golasecca. Cielo, Luna e Stelle dei primi Celti d'Italia*. Keltia edizioni, Aosta, 1999.
- Lamboglia Nino: *Prata Liguriae*, in RSL XII, 1-2, Bordighera, 1959: 5-22.
- Lloyd Paul M.: *Del latín al español. I. Fonología y morfología históricas de la lengua española*. Biblioteca Románica Hispánica. Ed. Gredos, Madrid, 1987.
- Menéndez Pidal Ramón: *Manual de gramática histórica española*. Espasa-Calpe, Madrid, 1968¹³.
- Merlo Carlo: *Saggi linguistici*, Arti grafiche Pacini Mariotti, Pisa, 1959.
- Ossian de Negri Teofilo: *Storia di Genova*. Giunti, Firenze, 1986.
- Pérez J. I.: *Observaciones en torno a la desaparición de la -N- intervocálica en gallego*. En *Verba* n° 9. Universidade de Santiago de Compostela, 1982: 201-213.
- Regueira Xosé Luis (coord.): *Os sons da lingua*. Xerais, Vigo, 1998.
- Rholf's Gerard: *Grammatica storica della lingua italiana e dei suoi dialetti (3 vol.)*. Einaudi, Torino, 1966.
- Rodríguez-Castellano Lorenzo: *Palatalización de la L inicial en la Asturias de habla gallega*. En *Verba* n° 2. Universidade de Santiago de Compostela, 1975: 137-149.
- Tagliavini Carlo: *Le origini delle lingue neolatine*. Patron, Bologna, 1982.
- Tavani Giuseppe: *Preistoria e protostoria delle lingue ispaniche*. L.U.Japadre editore, L'Aquila, 1968.
- Toso Fiorenzo: *Grammatica del genovese*. Le Mani, Recco (Genova), 1997.

- Toso Fiorenzo: *Storia linguistica della Liguria. Vol.1, dalle origini al 1528*, Le Mani, Genova, 1997².
- Toso Fiorenzo: *Per conoscere il Genovese*. Provincia di Genova, Assessorato al turismo, commercio, artigianato. Genova, 2000.
- Traina Alfonso: *L'alfabeto e la pronunzia del latino*. Pàtron, Bologna, 1967.
- Van der Bergh Herman: *Aspetti fonetici rilevanti delle sottovarietà dialettali liguri: -n- e -r- intervocalici*. in *Studi di etnografia e dialettologia ligure in onore di Hugo Plomteux*. A cura di L.Còveri e D.Moreno. SAGEP, Genova, 1983.
- Veiga Alexandre: *Estudios de fonología funcional*. Ed. Toxosoutos, A Coruña, 2002.
- Veiga Arias Amable: *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Galaxia Ensaio, Vigo, 1983.

Dizionari

- Bde = Corominas Joán: *Breve diccionario etimológico de la lingua castellana*. Gredos, Madrid, 1961.
- DCECH = Coromiras Joán, Pascual José A.: *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Gredos, Madrid, 1980-1987 (5 vols.).
- DCELC = Coromiras Joán: *Diccionario Crítico Etimológico de la Lengua Castellana*. Francke, Berna, 1954-1957 (4 vol.).
- DEI = Battisti Carlo, Alessio Giovanni: *Dizionario etimologico italiano*, Barbera, Firenze, 1950-1957 (5 vols.).
- dei = Olivieri Dante: *Dizionario etimologico italiano*. Meschina, Milano, 1961.
- VLStB = Aprosio Sergio: *Vocabolario ligure storico bibliografico, secoli X-XX* (4 vols.).
- VPL = *Vocabolario delle parlate liguri*. Consulta Ligure, Genova, 1985-1992 (4 vols.).
- Diccionari Castellá-Catalá. Albertí ed., L'Hospitalet de Ll., Barcelona, 1961.
 - Diccionario Xerais da lingua. Ed. Xerais de Galicia S.A., Vigo, 2002.
 - Diccionario Xerais da lingua. Ed. Xerais de Galicia S.A., Vigo, 2005.
 - Diccionario de la lengua española. Vigésima primera edición. Real Academia. Madrid, 1992.
 - Ambruzzi Lucio: *Nuovo dizionario Spagnolo-Italiano, Italiano-Spagnolo*. G.B.Paravia & Co., Torino, 1966² (2 vols.).
 - Boerio Giuseppe: *Dizionario del dialetto veneziano*. Premiata tipografia di G. Cecchini, Venezia, 1856.
 - Casaccia Giovanni: *Dizionario Genovese-Italiano*. Tipografia e libreria del R. Istituto sordomuti, Genova, 1876².
 - De Miguel Raimundo: *Nuevo diccionario Latin-Español Etimológico*. Visor Libros, Madrid, 2000 (anast. 1897).
 - Frisoni Gaetano: *Dizionario moderno Genovese-Italiano e Italiano-Genovese*. Nuova editrice genovese, Genova, 2002 (anast. 1910).
 - Petracco Sicardi Giulia: *Prontuario etimologico ligure*. Dall'Orso, Alessandria, 2002.
 - Plomteux Hugo: *I dialetti della Liguria orientale odierna*. Pàtron, Bologna, 1975 (2 vols.).
 - Portu Vissentu: *Dizionariu Sardu-Italianu*. Forni, Bologna, 1967 (2 vols.).

- Rubattu Antonio: *Dizionario universale della lingua di Sardegna*. Editrice democratica sarda, Sassari, 2001.
- Segura Munguía Santiago: *Diccionario Etimológico Latin-Español y de las voces derivadas*. Universidad del Deusto, Bilbao, 2001.
- Toso Fiorenzo: *Dizionario Italiano-Genovese, Genovese-Italiano*. A. Vallardi, Milano, 1998.
- Zingarelli Nicola: *lo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana*. Zanichelli ed., Bologna, 2002.